



## ANUNCIO

### **ASTO.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS INCLUÍNDO AS ESPECIALIDADES DE HIXIENE INDUSTRIAL, MEDICINA DO TRABALLO E VIXIANCIA DA SAÚDE DO CONCELLO DE BUEU.**

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o **06 de xuño de 2016** adoptou entre outros o seguinte acordo:

#### **“B) CONTRATACIÓN**

#### **1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS INCLUÍNDO AS ESPECIALIDADES DE HIXIENE INDUSTRIAL, MEDICINA DO TRABALLO E VIXIANCIA DA SAÚDE DO CONCELLO DE BUEU.**

1º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:

IDENTIDADE	RESULTADO
MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN S.L.U Rpte. Legal: Enrique García Moreira DNI: 35319103G	ADMITIDA
PREVISONOR S.L. Rpte. Legal: Jorge González Cuenca DNI: 354499845	ADMITIDA

2º.- Adxudicar a MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN S.L.U., CIF B70055504 , rpte. Legal. Enrique García Moreira con DNI 35319103G, e con domicilio social en Rúa Cristino Álvarez, núm.1, planta 4, porta D,15008 A Coruña, o contrato administrativo do servizo alleo de prevención de riscos laborais incluíndo as especialidades de hixiene industrial, medicina do traballo e vixilancia da saúde do concello de Bueu, polo importe de 12052.-euros/ano 2016, IVE excluído, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 486,15.- euros, o que supón un importe de adxudicación pola anualidade correspondente ao ano 2016, de 12538,15 euros (IVE incluído) que resultan dos prezos unitarios polos que se adxudica o contrato que se desglosan do seguinte xeito:

- A.1. Seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicoloxía aplicada: 1500€/ANO (sen IVE. IVE aplicable do 21%)
- A.2. Vixiancia da saúde colectiva (euros X nº total de traballadores): 5€ /TRABALLADOR (sen IVE. IVE aplicable do 21%)
- A.3.Vixiancia da saúde individual (recoñecementos médicos) (exento de IVE):  
35€/REC.ORD; 8€/PSA;55€/REC.XINE;65€/MAMO

O abono do prezo pola prestación dos diferentes servizos que abrangue o contrato deberá axustarse á regulación contida na cláusula XX dos PCAP.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (sobre A, RE núm. 2927 de 22.04.2016), as procedimentais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP, e nos pregos de prescricións técnicas (PPT) aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria do 21.03.2016 coas rectificacións que resultan das resolucións de alcaldía núm. 202/2016 de 30.03.2016 e núm. 205/2016 de 01.04.2016 e particularmente as seguintes:

- Consonte a cláusula XIII do PCAP e os arts. 156.3, en relación co artigo 112.2.b) do TRLCSP, o contrato que resulte deberá ser formalizado, no prazo máximo de quince (15) días hábiles seguintes o da recepción da notificación polo adxudicatario do acordo de adxudicación, en documento



**CONCELLO DE BUEU**

**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.- A/S/C7-16

administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle poideran ocasionar. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

-A duración contractual deberá axustarse ao disposto na cláusula II dos PCAP que recolle que o prazo de duración do mesmo será de dous (02) anos estando previsto o seu inicio na data que se consigne no documento de formalización do contrato e que, en ningún caso, poderá exceder dun (01) mes dende o día seguinte á formalización do mesmo en documento administrativo.

Poderá acordarse a súa prórroga, anualmente, por mutuo acordo das partes antes da finalización do mesmo. Neste senso, a duración total das prórrogas no seu conxunto, no poderá ser superior ao período inicialmente contratado no senso sinalado no artigo 303 do TRLCSP, e deberá acordarse expresamente cunha antelación non inferior a 30 días naturais á data de vencemento de cada anualidade.

Asemade, se o adxudicatario non tivera intención de proceder á prórroga deberá comunicalo formalmente ao concello cunha antelación mínima de TRES (03) MESES, ao remate do prazo contractual, quedando obrigado, nesta situación, e na finalización da vixencia do contrato a continuar no exercicio da súa actividade durante o tempo imprescindible para asegurar a continuidade na prestación do servizo e se proceda, ben a realizar unha nova adxudicación, ben á xestión directa dos servizos obxecto do contrato.

**O que se publica en cumprimento da orde contida no acordo de referencia en base aos principios de publicidade que rexen na contratación do sector público e que resultan da regulación contida no TRLCSP.**

Bueu, a 09 de xuño de 2016

O alcalde,  
Félix Juncal Novas